

Unha delegación do Parlamento de Galicia visita a Exposición sobre o Pergamiño Vindel

- **A visita enmárcase na aposta do presidente da Cámara por abrir o Parlamento e enriquecer o traballo de deputadas e deputados**
- **Santalices alaba o traballo conxunto da Xunta e a Universidade de Vigo, que fixo posible o retorno temporal da peza a Galicia para que “a xente poda ver a súa orixe e as súas raíces”**

Santiago, 30 de xaneiro de 2018.- Unha delegación do Parlamento de Galicia encabezada polo presidente da Cámara coa participación da secretaria da Mesa, portavoces parlamentarios e deputadas e deputados da Comisión 4ª, Educación e Cultura, visitaron hoxe a exposición *Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas*, instalada no Museo do Mar de Vigo. Estiveron acompañados polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez; e polo reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato.

Durante a visita, o presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira, explicou que o desprazamento se enmarca na súa aposta por abrir o Parlamento a cidadanía. “Se abrimos o Parlamento á cidadanía, nós non podemos estar ausentes en acontecementos coma este, onde se está falando de das nosas raíces e da nosa esencia cultural”, afirmou.

Santalices Vieira resaltou que o esforzo conxunto da Xunta de Galicia e da Universidade de Vigo fixo posible trasladar o Pergamiño Vindel a Galicia. “Agradezo moito o esforzo que se fixo para traer o Pergamiño a Vigo. Sei que foi unha loita importante. Agora estamos noutros tempos. Nos anos 70 non foi posible ir á poxa, pero ao mellor, se daquela estiveramos como agora, o pergamiño non se movía de aquí”, agregou o presidente do Parlamento de Galicia.

Insistiu Santalices en resaltar o “esforzo e traballo conxunto” desenvolvido pola Xunta de Galicia e pola Universidade de Vigo para



poder amosar o Pergamiño Vindel en Galicia, unha tarefa “en beneficio de algo tan importante para Galicia como é que a xente poda ver a súa orixe e as súas raíces”.

Saúdos, Gabinete de Comunicacións.